

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de decembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día vinte e un de dous mil dezasete, en segunda convocatoria, e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1346).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta das sesións extraordinarias e urxentes do 5 e 7 de decembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 14 de decembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1347).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO E ASISTENCIA DO APLICATIVO QUE DA SOPORTE Á CONTABILIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 8372/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12/12/17 e informe de fiscalización do 14/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/12/17, asinado polo xefe do servizo de Admón. Electrónica, o xefe de

Contabilidade, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e o concelleiro-delegado de Admón. Electrónica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

Os servizos que abarcan mantemento e actualización das versións dos programas comercialízanse baixo o modelo de pago previo, garantindo este pago a prestación do subministro das versións e parches do programa por un período de tempo que abarque as modificacións ou versión que fosen liberadas polo fabricante durante o exercicio en vigor.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 30/11/2017 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo para o mantemento de aplicacións informáticas externas (aplicación de xestión para a contabilidade)

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 30/11/2017
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 30/11/2017 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 30/11/2017 .
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento negociado sen publicidade de data 01/12/2017 .
- Informe favorable ó expediente de contratación do Xefa Servizo Recursos e Asesoramento-Asesoría Xurídica da Asesoría Xurídica de data 12/12/2017 .

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 30/11/2017 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa da oficina administrativa de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é procedemento negociado sen publicidade en virtude do artigo 170.d do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público , emitíuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 30/11/2017, informe favorable ó expediente de contratación devolvéndo o expediente co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

Quinto.-Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.-No artigo 93-3º da LCSP establece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

Septimo.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade para ó mantemento do aplicativo para a xestión da contabilidade municipal e a asistencia técnica asociada a dita xestión, que contén o prego de prescricións técnicas de data 30/11/2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 01/12/2017 .
2. Aproba-lo gasto de 47.684,50 € para para a contratación do subministro do servizo

de mantemento do aplicativo para a xestión da contabilidade municipal e a asistencia técnica asociada con cargo as partidas dos presupostos 9207.2279902 e 9311.2279900 e do exercicio 2018 atendendo ó seguinte desglose:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.2279902	2018	4.457,64 €	21.226,86 €	25.684,50 €
9311.2279900	2018	3.818,18 €	18.181,82 €	22.000,00 €
Total		8.275,82 €	39.408,68 €	47.684,5 €

3. Autorizar o pago dos servizos referidos ó mantemento e subministro das versións dos programas o comezo do exercicio correspondente ou no seu caso tras a firma do contrato.
4. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1348).- PERDIDA DO DEREITO A PERCIBIR “SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2017”. EXPTE. 148194/301.

Dáse conta do informe-proposta do 12/12/17, asinado polo xefe de área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo de 2017 (BOP nº 69, do 7 de abril de 2017 e extracto no BOP nº 75 do 19 de abril), aprobanse as bases de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de setembro de 2017, aprobouse o otorgamento e desestimacións de subvencións as entidades solicitantes, entre as que estaban a ASOCIACION CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS, DOA SAUDE MENTAL e ASOCIACIÓN GALITEA.

Con data 14 de novembro de 2017, a ASOCIACION CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS (G15496607) e, o 13 de novembro de 2017, DOA SAUDE MENTAL (G36044295), presentan a través do Rexistro Xeral escritos renunciando á subvención que lles fora concedida. No caso da ASOCIACIÓN GALITEA (G2784090), esta non presentou xustificación e tampouco renunciou á mesma.

Como expresamente contempla o artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, prodúcese perda do dereito ao cobro total o parcial da subvención no suposto de falta de xustificación o de concurrencia de algunha das causas previstas no artigo 33 da presente lei. O

punto b) de artigo indicado establece, pola súa banda, a perda do dereito por incumprimento total o parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención, motivos que dan cobertura á renuncia presentada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a perda do dereito a percibir as subvencións as entidades que deseguido se indican:

ENTIDADE	NIF	IMPORTE ANULADO	MOTIVO
ASOCIACION CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607	1.256,72	Renuncia
DOA SAUDE MENTAL	G36044295	1.529,92	Renuncia
ASOCIACIÓN GALITEA	G2784090	1.256,72	Non presentar xustificación

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1349).- ACLARACIÓN Á CUESTIÓN FORMULADA RESPECTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”. EXPTE. 14400/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/12/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Primeiro.- En data 9 de novembro de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o expediente de contratación número 14.400-77 dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade”, e abrir procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- En data 28 de novembro de 2017, publicouse no Diario Oficial da UE o anuncio de licitación do citado procedemento.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, ACADEMIA POSTAL 3 VIGO, S.L., mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o 4 de decembro de 2017, formula aclaración en relación coa acreditación da solvencia técnica ou profesional.

II.- Aclaración

ACADEMIA POSTAL 3 VIGO, S.L. formula aclaración nos seguintes termos:

“Aclaración de dúbidas sobre a acreditación da solvencia técnica e profesional sinalada na Cláusula 8.3 do PCAP para a contratación por procedemento aberto dos servizos de formación do programa " Vigo polo emprego e mocidade" (Expte 14.400-17) En relación á solvencia técnica e profesional exixida na cláusula sinalada do contrato:

" Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos", podennos aclarar se a experiencia ten que referirse especificamente á impartición da mesma acción formativa do correspondente lote, ou se pola contra, serve acreditar experiencia formativa en accións formativas de formación profesional para o emprego, segundo o que se sinala no obxecto e codificación do obxecto do contrato?

En contestación á solicitude formulada, o xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego informou o seguinte:

*“A Academia Postal 3 Vigo S.L., ven de presentar por rexistro electrónico unha solicitude de aclaración relacionada coa acreditación da solvencia técnica e profesional sinalada na Cláusula 8.3 do PCAP para a contratación por procedemento aberto dos servizos de formación do programa " Vigo polo emprego e mocidade" (Expte 14.400-17), e tendo en conta, que a propia cláusula 8.3, indica que para a súa acreditación “Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado...”, parece axeitado **aceptar como solvencia técnica e profesional aqueles servizos e traballos relacionados coa prestación de accións formativas de formación profesional para o emprego, segundo o que se sinala no obxecto e codificación do obxecto do contrato”.***

III.- Acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Aprobar a resposta á cuestión formulada por ACADEMIA POSTAL 3 VIGO, S.L. e contida neste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1350).- RESOLUCIÓN DA COMUNICACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA S.L., RELATIVA Á AXUDA OUTORGADA AO ABEIRO DAS “AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA DO ANO 2016”. EXPTE. 12763/77.

Visto o informe de fiscalización do 14/12/17, dáse conta do informe-proposta do 07/12/17, asinado polo xefe do servizo de Emprego, o concelleiro-delegado de

Emprego, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 07.10.2016, acordou o outorgamento das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2016 (Expte. 12763/77).

No acordo propónse a concesión, entre outras, da solicitude seguinte:

Orde (*)	Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Programa solicitado	Importe en euros
11	13039/77	I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, SL	B36927515	Indefinidos	2.500,00 €

(*) O número de orde considérase a partir do iniciado para o outorgamento de axudas ao abeiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 08.07.2016.

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2016 do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, expediente 12763/77, establecen na Base 2ª A. Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) no apartado a.4. Obrigas punto a.4.4. *“Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas”,* no mesmo apartado punto a.4.7. *“Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dun ano desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.5”* e no apartado a.5. Alteración das condicións de concesión das axudas: *“O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato.*

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída, de non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada, dentro dos quince días naturais seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.

No caso de que, desde o Servizo Público de Emprego de Galicia como desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, non se subministrara persoa algunha como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle tería concedido a axuda, ou reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva e pola que se lle concedera a axuda.

A nova contratación deberá ser comunicada ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que se contará desde a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

–DNI da persoa contratada substituta.

–Declaración responsable da causa da extinción contractual da persoa traballadora contratada inicialmente.

–Baixa da persoa contratada inicialmente.

–Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.

Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

De conformidade co disposto nas Bases reguladoras e convocatoria das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Vaguesa para o ano 2016, a empresa I Nova Consultores en Excelencia e Innovación Estratégica, SL co NIF B36927515 con data do 10.11.2017 e núm. de rexistro 170156133 comunica a baixa voluntaria da traballadora pola que se lle concedera a axuda e achega documento acreditativo da súa baixa na Seguridade Social e o anexo V. Oferta de emprego e documentos relativos á oferta de emprego presentada ante o Servizo Público de Emprego de Galicia e o resultado da mesma en cumprimento da base 2ª.a.5 que acredita a imposibilidade de obter candidaturas co perfil requirido.

Logo de examinar a documentación aportada e o expediente 13039/77 constátase que a empresa cumpre e procede ao abeiro do disposto nas Bases reguladoras e convocatoria do ano 2016 do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Vaguesa, concretamente:

- segundo o apartado a.4.4 comunica ao concello a modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, isto é a baixa da traballadora pola que se lle concedeu a axuda.
- segundo o apartado a.4.7. a transformación do contrato a indefinido produciuse o 15.05.2016 e a baixa voluntaria da traballadora o 20.10.2017 que corresponde a un período dun ano e cinco meses.
- Segundo o apartado a.5, a empresa constata que no dispón de outras persoas traballadoras co mesmo perfil para a substitución da traballadora que causou baixa, que non obtén candidaturas co perfil requirido a través das ofertas presentadas no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Servizo Público de Emprego de Galicia e que ten unha candidata que non cumpre cos requisitos.

Deste xeito, ante a imposibilidade de obter unha candidatura para cubrir a vacante da traballadora pola que se lle concedera a axuda por causa allea a súa vontade, ao proceder segundo o establecido nas bases reguladoras e convocatoria, superar un ano desde a data de transformación do contrato inicial en indefinido e non apreciar mala fe ou fraude e tendo en consideración a actual conxuntura socioeconómica propónse non requirir reintegro algún da subvención concedida por considerar a súa aproximación ao cumprimento das condicións polas que se lle outorgou a axuda e que o incumprimento responde a causa xustificada.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Non requirir reintegro algún da subvención concedida á empresa I Nova Consultores en Excelencia e Innovación Estratégica, SL co NIF B36927515 ao acreditar causa xustificada da imposibilidade de cubrir a vacante producida pola baixa voluntaria da traballadora pola que se lle concedeu a axuda e a súa aproximación ao cumprimento do establecido nas bases reguladoras e convocatoria das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa para o ano 2016, no documento 170156133 presentado no Rexistro Xeral o 10.11.2017 (expediente 13039/77).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa:

De que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1351).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE O MES DE NOVIEMBRE. EXPTE. 8118/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 4/12/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de novembro do ano 2017.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
7854-224	CMSE	Charlas e conferencias	Xenérico	23112260602	17/11/17	1.250,00 €
7954-224	CMSU	Subministrados para a campaña "sensibilización contra a violencia de xénero"	Bieitonova, SL	23112279906	09/11/17	3.630,00 €

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
8016-224	CMSE	Sonorización das actividades do evento "Enlaza Vigo 2017"	Sonido Collazo SL	23112279906	16/11/17	5.384,50 €
8017-224	CMSE	Instalación cadros eléctricos do evento "Enlaza Vigo 2017"	Electricidad Remeseiro SL	23112279906	09/11/17	2.416,06 €
8034-224	CMSE	Traslado do alumnado de secundaria ás actividades do evento "Enlaza Vigo 2017"	Empresa Miño SL	23112279906	16/11/17	4.900,00 €
8048-224	CMSE	Diversas actividades nos actos de conmemoración do 25 de novembro	Xenérico	23112279906	24/11/17	3.500,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(1352).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102645/140.

Visto o informe de fiscalización do 12/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral municipal e o concelleiro concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201700076812	9120.2310000	1.000,00	778,35	10/08/17	23/11/17	10/11/17	221,65	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201700076813	9120.2200100	1.500,00	1.112,00	10/08/17	29/11/17	10/11/17	388,00	0,00
Barbará Rodríguez Beatriz	201700088133	9206.2302000	309,20	309,20	18/09/17	08/11/17	18/12/17	0,00	0,00
Barbará Rodríguez Beatriz	201700088192	9206.2312000	400,00	423,04	18/09/17	08/11/17	18/12/17	0,00	23,04
Fernández Fernández Paz	201700018829	2310.4800000	300.000,00	296.787,72	27/02/17	16/10/17	27/05/17	3.212,28	0,00
García Álvarez Luis	201700089199	9201.1620001	3.245,00	3.245,00	20/09/17	29/11/17	20/12/17	0,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201700076229	1320.2312000	300,00	7,20	08/08/17	10/11/17	08/11/17	292,80	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201700076230	1320.2269900	1.500,00	546,94	08/08/17	10/11/17	08/11/17	953,06	0,00

Mediero Rodríguez Belén	201700066691	3370.2200100	1.250,00	835,90	07/07/17	20/11/17	07/10/17	414,10	0,00
Quintela Rodríguez M.ª José	201700054788	2310.480000	200.000,00	168.421,81	08/06/17	23/10/17	08/09/17	31.578,19	0,00
Quintela Rodríguez M.ª José	201700056619	2310.4810000	215.000,00	177.382,40	13/06/17	21/07/17	13/09/17	37.617,60	0,00
TOTAL			724.504,20	649.849,56				74.677,68	23,04

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das órdenes de pago a xustificar n.º 201700076812 e 201700076813 de Abalde Comesaña Raquel, 201700018829 de Fernández Fernández Paz, 201700076229 e 201700076230 de Martínez Muñoz Francisco, 201700066691 de Mediero Rodríguez Belén e 201700054788 de Quintela Rodríguez M.ª José.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As órdenes de pago a xustificar n.º 201700076812 y 201700076813 de Abalde Comesaña Raquel, 201700018829 de Fernández Fernández Paz, 201700076229 e 201700076230 de Martínez Muñoz Francisco, 201700066691 de Mediero Rodríguez Belén e 201700054788 de Quintela Rodríguez M.ª José non se rendiron no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, proponse a aprobación das que seguido relaciónanse:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/a favor
Abalde Comesaña Raquel	201700076812	9120.2310000	1.000,00	778,35	10/08/17	23/11/17	10/11/17	221,65	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201700076813	9120.2200100	1.500,00	1.112,00	10/08/17	29/11/17	10/11/17	388,00	0,00
Barbará Rodríguez Beatriz	201700088133	9206.2302000	309,20	309,20	18/09/17	08/11/17	18/12/17	0,00	0,00
Barbará Rodríguez Beatriz	201700088192	9206.2312000	400,00	423,04	18/09/17	08/11/17	18/12/17	0,00	23,04
Fernández Fernández Paz	201700018829	2310.4800000	300.000,00	296.787,72	27/02/17	16/10/17	27/05/17	3.212,28	0,00
García Álvarez Luis	201700089199	9201.1620001	3.245,00	3.245,00	20/09/17	29/11/17	20/12/17	0,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201700076229	1320.2312000	300,00	7,20	08/08/17	10/11/17	08/11/17	292,80	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201700076230	1320.2269900	1.500,00	546,94	08/08/17	10/11/17	08/11/17	953,06	0,00
Mediero Rodríguez Belén	201700066691	3370.2200100	1.250,00	835,90	07/07/17	20/11/17	07/10/17	414,10	0,00
Quintela Rodríguez M.ª José	201700054788	2310.4800000	200.000,00	168.421,81	08/06/17	23/10/17	08/09/17	31.578,19	0,00
Quintela Rodríguez M.ª José	201700056619	2310.4810000	215.000,00	177.382,40	13/06/17	21/07/17	13/09/17	37.617,60	0,00
TOTAL			724.504,20	649.849,56				74.677,68	23,04

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1353).- PRÓRROGA DA CESIÓN GRATUÍTA E TEMPORAL DO USO DO TERREO PARA HORTA URBANA SITA NA AVDA. RAMÓN NIETO, 266. EXPTE. 11402/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/12/17, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

I.1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de xuño de 2016, adoptou acordo que na súa parte dispositiva di:

“Primeiro.- Aceptar a dona Deolinda Rivera López, provista do DNI 36013925-L, a oferta de cesión temporal e gratuíta de uso do terreo da súa propiedade dunha superficie segundo escritura pública de compravenda de 1.186 m2, e cos seguintes lindeiros:

Norte: Edificio situado na rúa Ramón Nieto, 266, Vigo:
Sur....: Parcela con ref. Catastral 6154926NG2765S0001XG
Leste.: Parcela con ref. Catastral 6154948NG2765S0001TG
Oeste: Parcela con ref. Catastral 6154943NG2765S0001YG, de titularidade Municipal

para adicar a horta urbana de formación medioambiental, lindante coa parcela municipal destinada a este uso, segundo informes e documentación obrante no expediente. 11402/306.

O prazo de duración da cesión temporal e gratuíta do uso de terreo establécese dende a formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2017, salvo que se proceda o seu desenvolvemento urbanístico ou por necesidade imperiosa de venda da súa propiedade, o que comunicará como mínimo con dous meses de antelación. Dita cesión poderá prorrogarse ano a ano ata un prazo máximo de dous anos, tralo acordo expreso das partes.

Pola súa banda, o Concello de Vigo poderá resolver unilateralmente a cesión para o caso de que se modifiquen as circunstancias que xustifiquen o interese xeral da cesión o que comunicara á titular do terreo cun mínimo de dous meses de antelación.

Segundo.- Formalizar o contrato de cesión temporal e gratuíta do uso da parcela en documento administrativo no que actuará a concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable como representante da Administración municipal en virtude da resolución de delegación de atribucións do alcalde de data 19 de xuño de 2015, BOP 14/07/2015.

Terceiro.- Informar ó Departamento municipal de Patrimonio desta cesión temporal e gratuíta ós efectos da súa inscrición no inventario de bens e dereitos da corporación municipal.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á interesada nos termos previstos na lexislación vixente.”

I.2.- A cesión formalizouse en documento administrativo en data do 30/06/2017.

I.3.- En data do 13/12/2017, dona Deolinda Rivera López presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 170174373) no que comunica a súa vontade de que se prorrogue a referida cesión por un ano máis, ata o 31/12/2018.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO.

O artigo 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece e 9 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBAL), establecen que as entidades locais terán capacidade xurídica plena para adquirir e posuír bens de todas as clase e exercitar as accións e recursos procedentes en defensa dos seus dereitos.

O RBAL establece no seu artigo 11 que a adquisición de bens a título oneroso esixirá o cumprimento dos requisitos previsto na lexislación de contratos e no seu artigo 12 indica que

a adquisición de bens a título gratuito non está suxeito a restrición ningunha, cando non estea sometido a condición ou modalidade onerosa.

O negocio xurídico acordado con dona Deolinda Rivera López é un contrato de cesión temporal e gratuita do uso dun ben inmovible, de natureza xurídica privada que está excluído do ámbito de aplicación do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público por carecer do requisito de onerosidade previsto no artigo 2.1. e, tamén, por excluílo expresamente o artigo 4.1.p) da citada norma.

A cesión temporal e gratuita é dun ben inmovible e non está sometida a ningún tipo de condición ou modalidade onerosa polo que ó abeiro do establecido no artigo 12 do RBAL a súa aceptación non estivo subxeita a restrición ningunha.

Segundo o establecido na lexislación de réxime local en relación co artigo 110 da LPAP, o réxime xurídico deste contrato de cesión de uso, negocio xurídico patrimonial, rexerese en canto a súa súa preparación e adxudicación pola lexislación de patrimonio das administracións públicas e, no non previsto nestas normas, pola lexislación de contratos das Administracións públicas. Os seus efectos e extinción rexese pola lexislación de patrimonio e as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan sobre este contratos entre as partes. Non obstante, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa súa preparación e adxudicación e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo de acordo coa súa normativa reguladora.

O acordo de cesión, debidamente formalizado en documento administrativo, establece expresamente que o prazo de duración da cesión temporal e gratuita do terreo é dende a formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2017. Dita cesión podería prorrogarse ano a ano ata un prazo máximo de dous anos, tralo acordo expreso das partes.

Dona Deolinda Rivera López manifestou por escrito (doc. 170174373/2017) a súa vontade de prorrogar a referida cesión por un ano máis, ata o 31 de decembro de 2018.

Pola súa banda, este Servizo de Medio Ambiente considera de interese municipal prorrogar a cesión con fundamento nos mesmos motivos que no seu día xustificaron a cesión e que a día de hoxe seguen a concorrer:

“ A Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de novembro de 2013, acordou a utilización provisional, entre outras, da parcela municipal núm. 230 de 583,77 m2 situada na rúa Ramón Nieto, 266, interior para a horta urbana destinada á formación medioambiental.

A dita parcela municipal ten forma alargada rectangular con único acceso a través dunhas escaleiras que dan a rúa Ramón Nieto 266.

O terreo cuxo uso nos cedería gratuita e temporalmente dona Deolinda é colindante coa parcela municipal resultando conveniente a súa utilización toda vez que:

- O ser colindante coa parcela municipal coa que ten unha porta de comunicación de acceso permitirá o incremento da superficie destinada a horta urbana nunha*

superficie de 940 m2 sen custe para o concello, cun mellor aproveitamento polos usuarios do espazo destinado a horta.

- Trátase dunha parcela practicamente llana, sen maleza, con pequenas herbáceas e apreciándose un terreo fértil para o cultivo, segundo se desprende do informe do inspector municipal de data 6 de outubro de 2015.*
- A parcela municipal ten acceso unicamente polas escaleiras que comunican coa rúa Ramón Nieto e co terreo colindante permitiría ter un mellor acceso a través desta desde a vía pública, incluso coa pequena maquinaria que puidera resultan precisa.”*

Desde o punto vista xurídico, cómpre suliñar que a prórroga da cesión por un ano máis está expresamente prevista no acordo de cesión, de mutuo acordo das partes, tendo manifestado por escrito dona Deolinda a súa conformidade coa prórroga e considerandoa, tamén, de interese para esta Administración municipal polo que deixamos dito.

Vista a lexislación de patrimonio e, subsidiariamente, a de contratación das Administracións públicas non se contempla impedimento na prórroga da cesión por un ano máis, máxima tendo en consideración que se trata dunha cesión temporal e gratuíta dun ben inmovible, sen ningún tipo de concesión ou modalidade onerosa, nos mesmos termos e condicións aprobadas, téndose que adoptar acordo antes da extinción do contrato -31 de decembro de 2017-.

Por todo o indicado, considérase axustado a dereito a prórroga do contrato de cesión temporal e gratuíta da citada parcela que non implica ningún tipo de gasto para a facenda municipal.

A competencia para acordar a prórroga do contrato de cesión temporal e gratuíta do uso da parcela corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en virtude das competencias establecidas na disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se lle propón a adopción do seguinte

ACORDO:

“PRIMEIRO..- APROBAR a prórroga por un ano, ata o 31 de decembro de 2018, do contrato de cesión temporal e gratuíta de uso do terreo propiedade de dona Deolinda Rivera López, provista do DNI 36013925-L, dunha superficie segundo escritura pública de compravenda de 1.186 m2, e cos seguintes lindeiros:

Norte: Edificio situado na rúa Ramón Nieto, 266, Vigo:

Sur....: Parcela con ref. Catastral 6154926NG2765S0001XG

Leste.: Parcela con ref. Catastral 6154948NG2765S0001TG

Oeste: Parcela con ref. Catastral 6154943NG2765S0001YG, de titularidade Municipal

para adicar a horta urbana de formación medioambiental, lindante coa parcela municipal destinada a este uso, cuxo contrato foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2016 -expte. 11402/306- e formalizado en documento administrativo en data do trinta de xuño do ano dous mil dezasete e nos seus mesmos termos e condicións.

SEGUNDO.- Informar ó Departamento municipal de Patrimonio da prórroga desta cesión temporal e gratuíta ós efectos da súa constancia no inventario de bens e dereitos da corporación municipal.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á interesada nos termos previstos na lexislación vixente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1354).- PRÓRROGA DO ACTUAL “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS”. EXPTE. 10403/445.

Visto o informe de fiscalización de data 13/12/17, dáse conta do informe-proposta do 12/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

Primeiro: A Xunta de Goberno Local en sesión de 14 de agosto de 2014, aprobou o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, así como o prego de prescricións técnicas particulares, o prego de prescricións administrativas particulares, a autorización do gasto e a apertura do período de licitación do procedemento para a contratación do subministro de combustibles de gasóleo A, gasóleo C e gasolina de 95.

Segundo.- Con posterioridade, a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 15 decembro 2014 acordou : *Adxudicar a CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L., o procedemento aberto para a contratación da subministración de combustible para a flota municipal de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*

Terceiro.- O contrato subministro de combustibles foi formalizado coa mercantil CEPSA Comercial Noroeste, S.L. con data 12 de xaneiro de 2015, establecendo a cláusula 4 o prazo de dous anos, finalizando en consecuencia o once de xaneiro de 2017

Cuarto.- En data 12 de febreiro de 2016, a Xunta de Goberno Local autoriza a cesión do contrato de subministración de combustibles da flota municipal, adxudicado a Cepsa Comercial Noroeste S.L, a favor da Compañía Española de Petróleos, S.A.U (CEPSA), previa comprobación do cumprimento das condicións e requisitos establecidos polo artigo 226 TRLCSP.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **30 de decembro de 2016**, adoptou o acordo da primeira prórroga do contrato de subministro de combustibles, formalizándose o contrato o 9 de xaneiro de 2017.

Sexto.- En data 25 de outubro de 2017, emítase novo informe de necesidade considerando procedente propor unha nova prórroga do contrato por un periodo dun ano en base

inicialmente ao correcto funcionamento e tendo en conta que o actual adxudicatario ofertou os seguintes descontos; 3,90% a aplicar aos prezos do Gasóleo A, 19,10% a aplicar aos prezos do Gasoleo C e 2,20 % a aplicar aos prezos da Gasolina 95.

Séptimo- Á vista do devandito informe xustificativo da necesidade da segunda prórroga dun ano para o actual contrato de subministro de combustibles da flota de vehículos municipais, exped. 10403/445, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento ordena a iniciación en data 3 de novembro 2017.

Consta a conformidade do contratista á segunda prórroga de data 17 de novembro de 2017.

Consideracións xurídicas

Primeira.- O artigo 23 TRLCS dispón no seus parágrafos 2º e 3º que «O contrato contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas e que a concorrencia para a súa adxudicación se realizara tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga» e que «A prórroga se acordará polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

Segundo: No apartado 4.c) das FEC, que contén o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, se recolle a posibilidade de dúas prorrogas do contrato dun ano de duración cada unha.

Terceira.- O órgano de contratación competente ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª . apartado 3 do TRLCSP é a Xunta de Goberno Local.

II.- PROPOSTA:

De conformidade co Informe de necesidade e idoneidade, o correcto funcionamento do contrato de subministro de combustibles, e tendo en conta que o actual adxudicatario ofertou os seguintes descontos; 3,90% a aplicar aos prezos do Gasóleo A, 19,10% a aplicar aos prezos do Gasoleo C e 2,20 % a aplicar aos prezos da Gasolina 95 e atendendo á opción de prórroga do mesmo, considérase procedente propor unha segunda prórroga do actual contrato por un período dun ano, de acordo coas seguintes características:

- PERÍODO DA PRORROGA: entre o 12 de xaneiro de 2018 ata o 11 de xaneiro de 2019.
- PREZO DO CONTRATO PARA O PERÍODO DE PRORROGA : nas condicións previstas no devandito contrato, e por un prezo máximo de 438.780,00 €, de acordo coa seguinte distribución anual:
 - Anualidade do ano 2018 (do 12 de xaneiro o 31 de decembro de 2018): 418.780,00 €.
 - Anualidade do ano 2019 (do 1 de xaneiro o 11 de xaneiro de 2019): 20.000,00 €.

Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 9222,221,03,00 “Combustibles e carburantes”

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro - Aprobación da segunda prórroga dun ano para o actual CONTRATO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS. EXPTE. 10403/445, (expediente 10403/445), suscrito coa mercantil “Compañía Española de Petróleos S.A.O ((CEPSA) A-28003119 con data de sinatura 12 de xaneiro de 2015, para período comprendido entre o 12 de xaneiro de 2018 ata o 11 de xaneiro de 2019 , nas condicións previstas no devandito contrato.

Segundo.- Aprobar o gasto a favor da mercantil “Compañía Española de Petróleos S.A.O (CEPSA) A-28003119 , por un prezo máximo de 438.780,00 €, de acordo coa seguinte distribución anual:

- o Anualidade do ano 2018 (do 12 de xaneiro o 31 de decembro de 2018): 418.780,00 €.
- o Anualidade do ano 2019 (do 1 de xaneiro o 11 de xaneiro de 2019): 20.000,00 €.

Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 9222,221,03,00 “Combustibles e carburantes”

Terceiro.-A presente prórroga do contrato deberá ser formalizada co adxudicatario, para o cal deberá proceder a manter a fianza definitiva regulada no apartado 11.c) das Fec.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1355).- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO USO PRIVATIVO DA PARCELA MUNICIPAL SITA NO Nº 60 DA RUA PI Y MARGALL Ó COLEXIO MARÍA INMACULADA. EXPTE. 2591/244.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

11(1356).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 8795/307.

Dáse conta do informe-proposta de data , asindo pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Seguindo as instrucións municipais sobre contratos menores, este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o cuarto trimestre de 2017**. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou:

n.º expte (307)	concepto	adxudicatario	Importe (euros)
8714	Sondaxes arqueolóxicas das obras de recuperación e posta en valor da muralla-fortaleza de O Castro de Vigo	Adro arqueolóxica	60135,97

n.º expte (307)	concepto	adxudicatario	Importe (euros)
8727	Dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde das obras de sondaxes arqueolóxicos previos para a recuperación e posta en valor da fortaleza-muralla de O Castro	Ángel Santorio Cuartero	1815
8784	Deseño do proxecto de sinalización do patrimonio románico de Vigo: igrexas de Coruxo, Bembrive, Sárdoma e Lavadores e as pontes de Balaídos e Sárdoma	Van divulgación cultural	9559
8731	Reparación do cartel informativo da igrexa románica de Santa María de Castrelos	Van divulgación cultural	3025
8724	Labores culturais no xardín histórico de Castrelos mediante a execución do Plan de acción para o tratamento do picudo encarnado	Viveiros Adoa	1994,08
8790	Tapado restos muralla rúa Laxe	Tomos Restauración	393,25

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(1357).- NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (PROGRAMA CONXUNTO DE ACTUACIÓNS PARA A IMPLEMENTACIÓN PRÁCTICA DA LEI 9/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BÓ GOBERNO LOCAL) DE UN/UNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 29684/220.

Visto o informe de fiscalización do 18/12/17, dáse conta do informe-proposta do 08/12/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2016 aprobou o "PROGRAMA CONXUNTO DE ACTUACIÓNS PARA A IMPLEMENTACIÓN PRÁCTICA DA LEI 9/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, RECURSOS HUMANOS E SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL", expte. 27064/220, no que se contemplan as necesidades de medios humanos e a duración estimada prevista do mesmo.

Entre as necesidades referenciadas no expediente contéplase, entre outros, un/unha auxiliar administrativo/a.

Consultados os datos obrantes nesta Área, e seguindo estritamente a orde da lista procedente da Oferta de Emprego Público 2010-2011, salvo erro u omisión, a aspirante en condicións de ser nomeada funcionaria interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Auxiliar de administración xeral, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 16/01/2017, é D^a. Xoana Soneira Villarino, con DNI *****678 L.

En base ao anterior o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 22/03/2017, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por execución de programa temporal (Programa conxunto de actuacións para a implementación efectiva das previsións da Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno), de dous/dúas auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de catorce meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de Administración Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría de Goberno que constan no programa que figura no expediente 27064/220. Dado o tempo transcorrido, e constando no expediente escrito da Sra. Gallego Santos no que fai constar “que actualmente estou prestando servizos no Concello de Vigo como Técnica de Xestión, dado que neste amplo intervalo de tempo ofrecéronme un nomeamento interino por execución de programa temporal, que aceptei, comezando a prestación de servizos con data 6 de novembro”. Continúa a tramitación do expediente para o chamamento dun/dunha auxiliar administrativo.

En cumprimento do ordenado, con data 27/11/2017, pola Técnica de Avaliación e Formación, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los*

criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de

funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 138-auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no informe conxunto das xefaturas de Administración Electrónica, Recursos Humanos (18/09/2015), no programa que figura no expediente 27064/220 (Programa conxunto de actuacións para a implementación efectiva das previsións da Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno) onde constan as necesidades de Administración Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría de Goberno, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 22/03/2017, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período máximo dun ano, un mes e 11 días (02/01/2017 a 12/02/2019) dun/dunha auxiliar de administración xeral para o referido programa, supón un gasto de **25.560,35 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente. Da referida cantidade **22.865,98 €** corresponden ao exercicio orzamentario de 2018 (12 meses); **2.694,37 €** (o exercicio de 2019, 1 mes e 11 días), ao que haberá que engadirse a cantidade de **8.115,41 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 138 – Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 “outras modalidades de nomeamento persoal non permanente” do vixente orzamento aprobado para o presente ano 2017.

V. Verificación das listas de reserva:

En consonancia co anterior, infórmase que, consultados os datos obrantes nesta Área, e seguindo estritamente a orde da lista procedente da Oferta de Emprego Público 2010-2011, salvo erro u omisión, a aspirante en condicións de ser nomeada funcionaria interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Auxiliar de administración xeral, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 16/01/2017, é D^a. Xoana Soneira Villarino, con DNI *****678 L, que aceptou expresamente mediante escrito de data 23/03/2017, optar ao referido nomeamento interino por execución

de programa temporal, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, como **Auxiliar de administración xeral**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo **dun ano, un mes e 11 días (02/01/2017 a 12/02/2019)**, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría Xeral, contidas no informe conxunto de data 18/09/2015, que figura no expediente 27064/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 11/03/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto de **25.560,35 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente. Da referida cantidade **22.865,98 €** corresponden ao exercicio orzamentario de 2018 (12 meses); **2.694,37 €** (o exercicio de 2019, 1 mes e 11 días), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por execución de programa de carácter temporal "Programa conxunto de actuacións para a implementación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno", como **Auxiliar de administración xeral**, por un período máximo **dun ano, un mes e 11 días (02/01/2017 a 12/02/2019)**, á **D^a. Xoana Soneira Villarino, con DNI *****678 L**, na súa condición de seguinte aspirante segundo a orde da lista procedente da Oferta de Emprego Público 2010-2011, que permite os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Auxiliar de administración xeral, Subgrupo C2 de Titulación.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (febrero/2019) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-auxiliar de administración xeral, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo

10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao/á aspirante nomeado, ao Xefe de Servizo de Administración Electrónica, á Secretaría Xeral, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1358).- BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO ENCADRADOS NO SUBGRUPO A1 EXISTENTES NA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL. EXPTE. 30289/220.

Visto o informe de fiscalización do 17/11/17, dáse conta do informe-proposta do 11/12/17, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 07/07/2017, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal dictou orde de incoación de expediente administrativo para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados no subgrupo A1 existentes na Asesoría Xurídica Municipal, a través do sistema de libre designación.

2.- Dito proceso abórdase ao abeiro do disposto na normativa vixente en materia de emprego público, así como no informe de data 05/05/2017, emitido por esta Xefatura de Área ao expediente nº 27.913/220, no marco do cal procedeu á análise estratéxica da situación dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación no Concello de Vigo, tradicionalmente cubertos en adscrición provisional no Concello de Vigo. Igualmente, no marco da Mesa Xeral de Negociación celebrada o 12/02/2016 foi comunicada aos sindicatos

lexitimados para a negociación colectiva a abordaxe do proceso global de provisión dos postos de traballo en situación de provisionalidade existentes no Concello de Vigo.

3.- En consecuencia, e en cumprimento da orde de incoación asinada, procédese á elaborar as bases rectoras do proceso e á convocatoria de provisión con carácter definitivo dos postos de traballo encadrados no subgrupos A1 de titulación da Asesoría Xurídica Municipal, a través do procedemento de libre designación (LD) determinado na vixente Relación de Postos de Traballo municipal (dispoñible en transparencia.vigo.org)

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 100 que:

"1. Es competencia de cada Corporación local la selección de los funcionarios con la excepción de los funcionarios con habilitación de carácter nacional.

2. Corresponde, no obstante, a la Administración del Estado, establecer reglamentariamente:

a) Las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección y formación de tales funcionarios.

b) Los títulos académicos requeridos para tomar parte en las pruebas selectivas, así como los Diplomas expedidos por el Instituto de Estudios de Administración Local o por los Institutos o Escuelas de funcionarios establecidos por las Comunidades Autónomas, complementarios de los títulos académicos, que puedan exigirse para participar en las mismas."

No artigo 101, a mesma norma legal de carácter básico contempla que:

"Los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.

En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo."

II.- Pola súa banda, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia -de aplicación ao non reservado á lexislación estatal básica, e con carácter prevanlente, en canto ao réxime xurídico aplicable ao persoal ao servizo da Administración Local¹- contempla a libre

1 A tal efecto, Vid. STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, en cuxo FD 4º expónse que:

"FD CUARTO.- *Sobre la procedencia del sistema de libre designación como sistema de provisión. Resultado del planteamiento de la cuestión de inconstitucionalidad. La preferencia de la normativa básica estatal sobre la regulación autonómica en relación con las Entidades Locales.*

.....

*De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado;..."*

designación como concreto sistema de provisión de postos de trabajo en determinadas circunstancias.

Así, o artigo 92 detalla que:

1. La libre designación con convocatoria pública consiste en la apreciación discrecional por el órgano competente de la idoneidad de los candidatos en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto.

2. Solamente pueden proveerse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública entre personal funcionario de carrera las vicesecretarías generales, las subdirecciones generales o equivalentes, las secretarías de altos cargos y, excepcionalmente, aquellos puestos de trabajo de especial responsabilidad o cualificación profesional que se determinen en las relaciones de puestos de trabajo.

Los puestos clasificados como de libre designación estarán sometidos a disponibilidad horaria en los términos que se establezcan reglamentariamente.

3. Las convocatorias para la provisión de puestos por libre designación incluirán los siguientes datos:

- a) La identificación del puesto.*
- b) Los requisitos necesarios para participar en la convocatoria.*

4. El órgano competente para la adjudicación de los puestos puede solicitar la intervención de especialistas que permitan apreciar la idoneidad de los candidatos.

5. En los supuestos de provisión por el procedimiento de libre designación de puestos de trabajo abiertos a personal funcionario docente en las relaciones de puestos de trabajo, cualquiera que sea el cuerpo al que pertenezca, o al cuerpo de inspectores al servicio de la Administración educativa, este personal tendrá derecho a reserva del puesto de trabajo docente o de la función inspectora de procedencia, siempre que lo haya ocupado con carácter definitivo.”

En canto á toma de posesión nos postos de traballo, o artigo 93 da norma autonómica preceptúa que:

“1. La toma de posesión de los puestos de trabajo provistos por concurso o por libre designación deberá producirse en el plazo que reglamentariamente se determine.

2. El personal funcionario de carrera que no tome posesión del puesto de trabajo adjudicado en el plazo establecido decaerá en los derechos que le pudiesen corresponder y, en su caso, será declarado en la situación de excedencia voluntaria por interés particular, en los términos que reglamentariamente se determinen.”

A posibilidade de cesamento ou remoción no posto de traballo obtido por libre designación é unha obvia e real posibilidade, establecendo o artigo 94 que:

“1. El personal funcionario de carrera que accedió a su puesto de trabajo por el procedimiento de libre designación puede ser removido discrecionalmente.

2. La persona removida tiene derecho a que se le asigne un puesto de trabajo mediante el procedimiento de adscripción provisional previsto en el artículo 97 de la presente ley.”

Dada a ausencia, á data de hoxe, de desenvolvemento normativo da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, procedería a aplicación do previsto no RD 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso; norma regulamentaria que si contempla a toma de posesión nas condicións seguintes (artigo 48 por remisión directa do artigo 57):

“1. El plazo para tomar posesión será de tres días hábiles si no implica cambio de residencia del funcionario, o de un mes si comporta cambio de residencia o el reingreso al servicio activo.

El plazo de toma de posesión empezará a contarse a partir del día siguiente al del cese, que deberá efectuarse dentro de los tres días hábiles siguientes a la publicación de la resolución del concurso en el «Boletín Oficial del Estado». Si la resolución comporta el reingreso al servicio activo, el plazo de toma de posesión deberá computarse desde dicha publicación.

2. El Subsecretario del Departamento donde preste servicios el funcionario podrá diferir el cese por necesidades del servicio hasta veinte días hábiles, comunicándose a la unidad a que haya sido destinado el funcionario.

Excepcionalmente, a propuesta del Departamento, por exigencias del normal funcionamiento de los servicios, la Secretaría de Estado para la Administración Pública podrá aplazar la fecha de cese hasta un máximo de tres meses, computada la prórroga prevista en el párrafo anterior.

Con independencia de lo establecido en los dos párrafos anteriores, el Subsecretario del Departamento donde haya obtenido nuevo destino el funcionario podrá conceder una prórroga de incorporación hasta un máximo de veinte días hábiles, si el destino implica cambio de residencia y así lo solicita el interesado por razones justificadas.

3. El cómputo de los plazos posesorios se iniciará cuando finalicen los permisos o licencias que hayan sido concedidos a los interesados, salvo que por causas justificadas el órgano convocante acuerde suspender el disfrute de los mismos.

4. Efectuada la toma de posesión, el plazo posesorio se considerará como de servicio activo a todos los efectos, excepto en los supuestos de reingreso desde la situación de excedencia voluntaria o excedencia por cuidado de hijos una vez transcurrido el primer año.”

III.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de 04/03/2016 (expediente nº 27.399/220) procedeuse a efectuar a reestructuración organizativa e funcional de diversos ámbitos transversais á organización, entre os cales se atopa a Asesoría Xurídica Municipal. Debido a que os ditos postos de traballo se atopan temporalmente ocupados en réxime de adscripción provisional (v. Decreto de 04/03/2016) e de conformidade coas prioridades determinadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal en instrucción de servizo de data 07/07/2017, procede a elaboración das bases, de xeito que se permita a súa cobertura definitiva.

Neste punto debe deixarse constancia de que os postos de traballo cuxo sistema sexa o de concurso, segundo a vixente RPT, serán convocados mediante o concurso de traslados anual, actualmente en tramitación.

Por outra banda, indícase que o posto de traballo denominado “Titular da Asesoría Xurídica Municipal”, correspondente co órgano directivo municipal do mesmo nome -vid. artigos 129 e 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril- foi cuberto polo sistema legalmente contemplado, segundo consta en informe do Secretario Xeral do Pleno emitido en data 05/12/2007, que obra incorporado ao presente expediente electrónico; motivo polo que non se inclúe no presente proceso.

Resulta igualmente relevante indicar que nas vixentes Instrucións sobre plantilla (BOP nº 220, de 16 de novembro do 2010) se contempla que os postos de traballo do Concello de Vigo cuxo sistema de provisión sexa o de concurso ou o de libre designación efectuaranse con carácter interno, salvo que a Corporación acorde abrilas a outro colectivo de funcionarios. Por tal motivo, a convocatoria estará aberta exclusivamente aos funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo.

IV.- Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) ao tratarse de actos dos cales sexan susceptibles de derivarse obrigas de contido económico.

V.- Considerando o réxime de atribucións da Xunta de Goberno Local en canto á aprobación das bases e convocatorias dos procedementos de provisión de postos de traballo, recollida no artigo 127,1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; coa conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (decretos de delegación competencial de 19/06/2015 e 30/12/2016 e acordadas da XGL de mesmas datas); e vistos os antecedentes, fundamentos xurídicos e réxime competencial exposto, elévase ao dito órgano colexiado a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“Primeiro.- Aprobar as bases rectoras para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación, dos postos de traballo do subgrupo A1 existentes na Asesoría Xurídica Municipal, contemplados na vixente Realción de Postos de Traballo (RPT) municipal, publicada no BOP de Pontevedra do mércores 7 de xuño do 2017, e que son os seguintes:

- 1 posto de traballo de “Xefe/a Área Xudicial”, C.D. 28, C.E. 615, código de titulación 6, forma de provisión: libre designación.
- 1 postos de traballo de “Letrado/a-Xefe/a de Asesoramento”, C.D. 28, código de titulación 6, CE 620, forma de provisión: libre designación.
- 1 postos de traballo de “Letrado/a Especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil” C.D. 28, C.E. 640, código de titulación 6, forma de provisión: libre designación.
- 2 postos de traballo de “Letrado/a-asesor/a xurídico/a” con asignación de nivel de C.D. 28, C.E. Cód. 680, código de titulación 6, forma de provisión en ambos casos: libre designación.

O procedemento rexerese polo contemplado nas bases contidas no anexo I que forma parte inseparable do presente acordo, e nos termos do establecido na vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e normativa de concordante e procedente aplicación.

Segundo.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía adminis-

trativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES RECTORAS PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO ENCADRADOS NO SUBGRUPO A1 DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

“Primeira.- Postos de traballo e requisitos de acceso:

Os postos de traballo obxecto da presente convocatoria son aqueles postos encadrados no subgrupo A1 de titulación existentes na Asesoría Xurídica Municipal, e contemplados na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, segundo publicación oficial no BOP da provincia de Pontevedra de 7 de xuño do 2017, e que son:

- 1 posto de traballo de “Xefe/a Área Xudicial”, C.D. 28, C.E. 615, código de titulación 6, forma de provisión: libre designación.
- 1 postos de traballo de “Letrado/a-Xefe/a de Asesoramento”, C.D. 28, código de titulación 6, CE 620, forma de provisión: libre designación.
- 1 postos de traballo de “Letrado/a Especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil” C.D. 28, C.E. 640, código de titulación 6, forma de provisión: libre designación.
- 2 postos de traballo de “Letrado/a-asesor/a xurídico/a” con asignación de nivel de C.D. 28, C.E. Cód. 680, código de titulación 6, forma de provisión en ambos casos: libre designación.
-

Establécense como titulacións esixidas para o desempeño dos postos de traballo ofertados, segundo a vixente RPT, os seguintes:

-Licenciado/a en Dereito ou equivalente (código 6).

Segunda.- Participación:

Os postos de traballo obxecto de provisión con carácter definitivo poderán ser solicitado polos funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo encadrados no subgrupo A1 de titulación, escalas de Administración Xeral ou Especial, Subescala Técnica, Clase Superior, que tivesen como titulación para o acceso a o emprego público no Concello de Vigo a Licenciatura en Dereito ou equivalente, segundo o Espacio Europeo Educativo Superior (EEES) e normativa de procedente aplicación.

Non poderán concorrir a esta convocatoria os funcionarios que se encontren comprendidos nos supostos seguintes:

a) Os funcionarios inhabilitados e os suspensos en virtude de sentenza ou resolución administrativa firme, se non transcurrise o tempo sinalado nelas.

Terceira.- Presentación de solicitudes, documentación e prazos:

Aos efectos de tomar parte na convocatoria os/as aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

1.- Solicitud dirixida ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal do Concello de Vigo, Área de Recursos Humanos e Formación, solicitando tomar parte na convocatoria, segundo modelo normalizado xenérico dispoñible na web municipal www.vigo.org, na sede electrónica ou no Rexistro xeral do Concello de Vigo, en calquera das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, á cal deberá adxuntarse declaración xurada de non estar incurso en algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 18.3 do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo.

2.- Documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos esixidos na base primeira.

3.- *Curriculum vitae* no cal figuren:

- a) a titulación académica correspondente á Licenciatura en Dereito ou equivalente.
- b) a acreditación da condición de funcionario/a de carreira do Concello de Vigo.
- c) os anos de servizo.
- d) os postos de traballo desempeñados na Administración.
- e) estudos, cursos, formación e especialización realizados, que garden relación material directa co ámbito material das Asesorías Xurídicas nunha entidade local suxeita ao réxime xurídico de grande poboación, segundo a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Reforma do Goberno Local.
- g) calquera outro mérito que consideren oportuno salientar en relación coas funcións atribuídas ao/s posto/s de traballo solicitado/s, relativos ao exercicio da asistencia e asesoramento xurídicos e á defensa letrada nun municipio de gran poboación, nos termos do contemplado na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, acompañando documentación fehaciente acreditativa dos extremos indicados.

4.- No suposto de aportación e acreditación de grao persoal consolidado, éste deberá estar formalmente recoñecido e deberá aportarse a correspondente resolución administrativa dictada a tales efectos.

A documentación indicada acreditarase coa presentación de orixinais ou fotocopias compulsadas da mesma.

Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes e documentación complementaria ao órgano e Área indicados dentro dos **15 días hábiles** seguintes ao da publicación da resolución de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Os requisitos esixidos nas presentes bases, así como os requisitos e experiencia alegados, deberán reunirse na data de finalización do prazo para tomar parte na convocatoria.

Poderase recabar dos participantes na convocatoria aclaracións ou documentación adicional, cando da presentada non resulten suficientemente acreditados os datos alegados en relación cos requisitos esixidos. Igualmente, os/as participantes poderán ser citados/as a unha comparecencia aos efectos de explicitar aspectos determinados da súa carreira profesional.

Cuarta.- Resolución:

O órgano municipal competente procederá, no seu caso, e previa constatación dos requisitos esixidos na convocatoria, a dictar a resolución correspondente no prazo de 1 mes, dando conta ao Pleno da Corporación para coñecemento. Dito prazo poderá prorrogarse 1 mes máis segundo o establecido no artigo 56 do RD 364/1995, do 10 de marzo.

Dita resolución deberá ser motivada, con referencia ao cumprimento, por parte do/da aspirante elixido/a, dos requisitos e especificacións esixidos na convocatoria e da competencia para proceder ao nomeamento. O posto deberá ser adxudicado entre os/as candidatos/as que reúnan os requisitos esixidos a convocatoria. En todo caso, deberá quedar acreditada no procedemento, como fundamento da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido.

Quinta.- Toma de posesión:

O prazo para tomar posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia do funcionario/a, ou de un mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cese, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do procedemento convocado no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra».

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse dende dita publicación.

En todo caso, as incidencias susceptibles de xenerarse en canto á toma de posesión rexeranse polo establecido no artigo 48 do RD 364/1995, do 10 de marzo.

Sexta.- Impugnación:

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

14(1359).- ABOAMENTO DA ADECUACIÓN RETRIBUTIVA ACORDADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O POSTO DE CAPATAZ ENCARGADA. EXPTE. 30866/220.

Visto o informe de fiscalización do 30/11/17, dáse conta do informe-proposta do 2/11/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2016, acordou a aprobación do expediente 28189-220 “ Modificación puntual da vixente rpt (reorganización dos servizos integrados na área de goberno de cultura; voluntariado; comercio e educación, readscripción de postos de traballo na área de xestión municipal e revisión retribucións diversos postos de traballo), na que se acordou, entre outros , a aprobacion da modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nº 57 de 23/03/2016, nº 110 de 09/06/2016 e nº 113 de 14/06/2016) nos termos da motivación contida no informe-proposta que antecede e das instrucións do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 10/06/2016 e 09/11/2016, concretada nas modificacións seguintes: Modificación da denominación dos postos Codg Rtb

655 Auxiliar administrativo EMAO e Corg Rtb 617 "Auxiliar administrativo IMD" pasando a denominarse "Auxiliar administrativo", reconfigurándose as retribucións dos mesmos mais as dos postos de "Auxiliar administrativo" Codg rtb 140 e "Auxiliar" codg rtb138 con CE 159. Dita modificación retributiva realizouse con efectos do 01/01/2016.

Recíbense na Área de Recursos Humanos e Formación doc 170081325 na que se solicita a aplicación da adecuación retributiva realizada ao posto de capataz, categoría profesional da solicitante segundo sentenza xudicial do Xulgado do social nº 5 ao procedemento PO1238/2012, confirmada polo TSJ de Galicia en data 26/06/2015. .

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 9 de marzo de 2017 acordou a** aplicación da revisión retributiva aprobada pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 14/11/2016 ao persoal que dende 01/01/2016 foi nomeado funcionario interno por acumulación de tarefas con posto de auxiliar administrativo e ao persoal indefinido por sentenza xudicial coa categoría de auxiliar administrativo existente con efectos 01/01/2016.

En consecuencia os demais postos existentes con condición de indefinidos non fixos por sentenza xudicial e que están a realizar funcións similares aos postos obxecto de adecuación retributiva acordada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 14/11/2016, como no presente caso, capataz, e que polo tanto están a percibir as mesmas retribucións que o personal funcionario ou laboral fixo adscrito aos postos de capataz, débese aplicar dito acordo.

Neste caso, a empregada municipal D^a Isabel Pérez Rodríguez, con NP 80819 e categoría profesional de capataz segundo sentenza xudicial do Xulgado do social nº 5 ao procedemento PO1238/2012, confirmada polo TSJ de Galicia en data 26/06/2015, corresponderíalle o aboamento da cantidade correspondente ao CE 307, código asignado aos postos de capataz, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/11/2016 e toda vez que dito acordo ten efectos de 01/01/2016, segundo se recolle no mesmo..

Deste xeito, as diferenzas retributivas correspondentes ao ano 2016 ascenderían a cantidade de 2197,02€, resultado do incremento específico dos postos de capataces aprobado no ano 2016. Con respecto ao ano 2017 e incluíndo a cantidade correspondente ao mes de novembro, a cantidade a aboar sería 1938,01 €, o que supón un total de 4135,03€, que débese imputar, no caso de así consideralo, a aplicación orzamentaria 92001430001

En consecuencia, previo informe da Intervención Xeral segundo o disposto na lexislación reguladora sobre facendas locais (Art 213 a 223), propónse a Xunta de Goberno Local, Propónse:

PRIMEIRO.- A aplicación da revisión retributiva aprobada pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 14/11/2016 ao persoal que dende 01/01/2016 está en situación de persoal indefinido por sentenza xudicial coa categoría de capataz (encargado) con efectos 01/01/2016.

SEGUNDO: Aprobar o aboamento ao persoal indefinido por sentenza xudicial coa categoría de capataz (encargado) no ano 2016 así como as correspondentes ao período xaneiro-novembro 2017, as cantidades propostas (ano 2016=2197,02€, xaneiro-novembro 2017 = 1938,01 €) e que supón un total de 4135,06 €, con cargo a aplicación orzamentaria 92001430001 "Indefinidos por sentenza sin praza.

TERCEIRO: Acordar o aboamento a empregada municipal con NP 80819 a cantidade de 4135,06€ en concepto de atrasos correspondentes ao periodo xaneiro 2016-novembro 2017. Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición nos prazos, termos e condicións do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, ou ben recurso contencioso-administrativo, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1360).- ABOAMENTO DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAI E DEPORTIVOS CORRESPONDENTES A 2017. EXPTE. 30908/220.

Visto o informe de fiscalización do 12/12/17, dáse conta do informe-proposta do 30/11/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 03/07/2017, o Secretario da Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos, remite a Area de Recursos Humanos e Formación, copia da acta da sesión celebrada o 19/06/2016, na que dita Comisión acordou a aprobación das "Bases reitoras das axudas para fins culturais e deportivos), solicitando a súa tramitación por parte desta Area. Achega así mesmo copia do texto literal das mesmas así como modelo normalizado de solicitude e convocatoria para o exercicio 2017.

2.- O art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Con1.- En data 03/07/2017, o Secretario da Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos, remite a Area de Recursos Humanos e Formación, copia da acta da sesión celebrada o 19/06/2016, na que dita Comisión acordou a aprobación das "Bases reitoras das axudas para fins culturais e deportivos), solicitando a súa tramitación por parte desta Area. Achega así mesmo copia do texto literal das mesmas así como modelo normalizado de solicitude e convocatoria para o exercicio 2017.

2.- O art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, contempla que o Concello colaborará en todo tipo de iniciativas ou accións do seu persoal de carácter cultural ou deportivo, polo que para tal fin contemplará nos seus presupostos anuais a cantidade de 6.010,12 €.o, contempla que o Concello colaborará en todo tipo de iniciativas ou accións do seu persoal de carácter cultural ou deportivo, polo que para tal fin contemplará nos seus presupostos anuais a cantidade de 6.010,12 €.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 31/08/2017, aprobou as Bases Reitoras das axudas para fins Culturais e Deportivos (Art. 34 do vixente acordo regulador). Expediente núm.: 30309-220.

A Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos realiza a convocatoria dacordo co establecido nas bases, establecéndose un prazo dende o 12 de setembro ao 24 de outubro de 2017 para presentación das solicitudes. Dita convocatoria anúnciase nos taboeiros municipais na páxina da intranet. En data 25/10/2017 reúnese dita Comisión a fin de revisar as solicitudes presentadas, acordando a distribución do fondo contemplado no artigo 34 do vixente Acordo Regulador, das condicións económicas e sociais do persoal ao Servizo do Concello de Vigo, por importe de 6.010,00 euros e establecendo un prazo de reclamacións dende o día 26/10/2017-09/11/2017.

Rematado dito prazo, reunense en data 10/11/2017, sendo rexeitas as solicitudes catro solicitudes tal como se recolle na acta de dita reunión e acordando a distribución do Fondo de axudas culturais e deportivas. Con posterioridade e ante as observacións realizadas pola Intervención Xeral, a Comisión reúnese de novo en data 27/11/2017 e acorda unha nova distribución das axudas, do seguinte xeito:

Colectivos	nº	Importe
C.D Bombeiros futbol veteranos	9	783,90 €
C.D. Bombeiros futbol 7 open	9	783,90 €
C.D. Bombeiros ciclismo	7	609,70 €
C.D. Bombeiros atletismo	10	871,00 €
C.D. Policia Local	6	522,60 €
Rolo Silva Futbol 13	11	1.132,30 €
Lopez Moure, Jesus futbol sala	7	609,70 €
Gonzalo Argibay Barciela	7	609,70 €

Individuais	nº	Importe
Gerardo Lopez Rey (Atletismo)	1	87,10 €

Total		6.009,90 €
--------------	--	-------------------

Remitido a esta Area de Recursos Humanos e Formacion a documentación da convocatoria para a súa tramitación (Anuncio da convocatoria de axudas para fins culturais e deportivos do ano 2016 con data 16/09/2016, Actas Comisión de Cultura e Deportes de data 10/11/2016 e 27/11/2017) e a documentación dos solicitantes (facturas orixinais ou fotocopia compulsada, acreditación do tipo de actividade que se realiza en representación do Concello, certificación bancaria do número de conta, etc), tendo en conta as Bases Reitoras de dito Fondo, aprobadas pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 16 de setembro de 2016, o contemplado no artigo 34 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, previo ao preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Aprobar as axudas propostas pola Comisión de Cultura e Deportes do Comité de Persoal do Concello de Vigo, dacordo ás Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31/08/2017, por un importe total de 6,009.90€ , aos seguintes, con cargo á clasificación orzamentaria 9200.1620400:

Colectivos	nº	Importe
C.D Bombeiros futbol veteranos	9	783,90 €
C.D. Bombeiros futbol 7 open	9	783,90 €
C.D. Bombeiros ciclismo	7	609,70 €
C.D. Bombeiros atletismo	10	871,00 €
C.D. Policia Local	6	522,60 €
Rolo Silva Futbol 13	11	1.132,30 €
Lopez Moure, Jesus futbol sala	7	609,70 €
Gonzalo Argibay Barciela	7	609,70 €

Individuais	nº	Importe
Gerardo Lopez Rey (Atletismo)	1	87,10 €
Total		6.009,90 €

2.- Autorizar o pago ás entidades e persoas autorizadas no punto 1, da proposta da Comisión de Cultura e Deportes do Comité de Persoal do Concello de Vigo, para o pago das devanditas axudas, con cargo á partida 92201620400,.

3.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal para o seu trámite.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1361).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, COMO TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS. EXPTE. 30966/220.

Visto o informe de fiscalización do 12/12/17, dáse conta do informe-proposta do 07/12/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 15/11/2017, recíbese escrito asinado pola Técnica Superior de Bibliotecas, na que se expón a situación actual no Servizo como consecuencia da vacante do posto de Técnico medio de Arquivos, e con data de 16/11/2017, recíbese escrito asinado polo concelleiro delegado da Área de Cultura, solicitando a creación urxente dunha bolsa de emprego para os postos de Técnico Medio de Arquivos, que permita dispor dunha lista de reserva actualizada, de maneira que se poida dar resposta as necesidades do servizo. Ambos escrito constan unidos ao expediente.

II.- O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 23/11/2017, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

V.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É mester como **requisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:

- Técnico Medio de Arquivos, subgrupo A2: Estar en posesión da diplomatura/grado en Rama Ciencias Sociais e Xurídicas ou equivalente; Arte e Humanidades ou equivalente; Diplomado en Traballo Social ou equivalente; Filoloxía galega ou equivalente; Filosofía ou equivalente; Publicidade e Relacións públicas ou equivalente; Periodismo ou equivalente; Comunicación audiovisual ou equivalente; Belas artes ou equivalente; Antropoloxía social e cultural ou equivalente; Pedagogía ou equivalente; Psicopedagogía ou equivalente;

Educación social ou equivalente. Todo elo se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismo estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

Como **requisitos xerais** para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

III.- En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) El personal de elección o de designación política.*
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) El personal eventual.*
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

Así mesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei

27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio de aquela a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Técnico Medio de Arquivos, subgrupo A2, e que forman parte inseparable como ANEXO UN do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Técnico Medios de Arquivos, subgrupo A2, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO UN do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Terceiro.- Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 19 de xuño do 2015.”

Carto.- Notificar o presente acordo á Área de Cultura, Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se

atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO UN

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITAN OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, COMO TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVO (SUBGRUPO A2). Expte. 30966/220)

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de Técnico Medio de Arquivos, subgrupo A2, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

II.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria

ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter a diplomatura/grado en Rama Ciencias Sociais e Xurídicas ou equivalente; Arte e Humanidades ou equivalente; Diplomado en Traballo Social ou equivalente; Filoloxía galega ou equivalente; Filosofía ou equivalente; Publicidade e Relacións públicas ou equivalente; Periodismo ou equivalente; Comunicación audiovisual ou equivalente; Belas artes ou equivalente; Antropoloxía social e cultural ou equivalente; Pedagogía ou equivalente; Psicopedagogía ou equivalente; Educación social ou equivalente.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

No caso de titulacións expedidas por organismo estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Técnico de Arquivos.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCION

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, que se celebrará polo Órgano de selección en presenza dos/das aspirantes, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temas Xerais" e o resto ao apartado "B) Temas Específicos".

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a

aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que determinará Órgano de Selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitud** dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á

instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental").

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a Técnico do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado no subgrupo A1 ou A2.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na páxina web do concello. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo ou seu organismo autónomo, ou de outras Administracións Públicas, encadrado/a no subgrupo A2 e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Área de Recursos Humanos e Formación deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renuncien expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

X.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

T E M A R I O

TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS

A) TEMARIO XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- A Unión Europea: orixe, institucións e fontes. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: Composición e atribucións.
- Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 5.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 6.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.
- Tema 7.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.
- Tema 8.- O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.
- Tema 9.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma de contrato.
- Tema 10.- Procedemento de adxudicación dos contratos do sector público.
- Tema 11.- Os recursos administrativos: concepto e clases. O recurso administrativo contencioso administrativo.
- Tema 12.- Principios orzamentarios na Lei reguladora de facendas locais.

B) TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. A Administración territorial na Idade Media e Moderna. Especial referencia a Galicia.
- Tema 2. A Administración territorial na Idade Contemporánea. Especial referencia a Galicia.
- Tema 3. Historia de Vigo na Idade Media.
- Tema 4. Historia de Vigo na Idade Media Moderna.
- Tema 5. Historia de Vigo na Idade Contemporánea.
- Tema 6. A institución notarial e rexistral. Evolución histórica.
- Tema 7. Fontes documentais e bibliografía para o estudo das institucións eclesiásticas. Especial referencia a Galicia.
- Tema 8. Fontes documentais e bibliografía para o estudo da nobreza e da fidalguía en Galicia desde a Idade Media ata o século XIX.
- Tema 9. Concepto e definición de arquivo. Funcións, etapas e tipos.
- Tema 10. Concepto e definición de Arquivística. Fins, obxecto de acción e metodoloxía.
- Tema 11. Concepto e definición de documento de arquivo. Caracteres, elementos e valores. Tipoloxía documental no contexto da produción.
- Tema 12. Os principios de procedencia e respecto á “orde natural” dos documentos, o ciclo vital dos documentos e o “continuum” dos documentos.
- Tema 13. A paleografía: definición e finalidade. Evolución dos ciclos da escritura latina. Elementos da escritura e abreviaturas.
- Tema 14. A diplomática: definición e finalidade. Método e evolución.
- Tema 15. Sistemas ordinarios e extraordinarios de ingreso e saída de documentos nos arquivos. As transferencias e o control da documentación.

- Tema 16. A valoración e selección de documentos: conceptos e definicións. Principios xerais para a valoración e selección de documentos. As comisións de valoración de documentos: obxectivos e funcións.
- Tema 17. A identificación. Órganos produtores. Competencias e funcións. Series documentais.
- Tema 18. A clasificación: definición do cadro de clasificación. Principios, modelos e estrutura. Elaboración e aplicación do cadro de clasificación.
- Tema 19. As agrupacións documentais dos arquivos: tipos, concepto e definicións. As relacións das agrupacións documentais cos instrumentos tradicionais de descrición arquivística e coas normas internacionais de descrición e recuperación da información.
- Tema 20. A descrición arquivística. Instrumentos de descrición. Descrición arquivística normalizada e codificada (EAD): definición, obxecto de codificación da norma, principios xerais e partes dun documento EAD.
- Tema 21. A norma ISAD (G): antecedentes e definición da norma, características, regras para a descrición e estrutura.
- Tema 22. A Norma ISAAR (CPF): alcance, obxecto e estrutura da norma. Áreas de información.
- Tema 23. A Norma galega de descrición arquivística (NOGADA): alcance, obxecto e estrutura.
- Tema 24. Recuperación dos documentos e da información arquivística automatizados: normas, modelos e formatos de intercambio. Control da linguaxe: índices e tesauros.
- Tema 25. A ordenación e instalación dos fondos de arquivo.
- Tema 26. A xestión documental: modelos de políticas de xestión de documentos e a aplicación de normas internacionais.
- Tema 27. A Normalización e difusión de documentos e da información arquivística na web. Linguaxes de marcado de documentos. A Web semántica e a Web 2.0. Ontoloxías e recomendacións do W3C.
- Tema 28. A normalización nos sistemas de xestión de arquivos e documentos. Organismos implicados na elaboración de normas.
- Tema 29. Tendencias na Arquivística actual: o *Records Management* e a xestión de documentos. A Arquivística integral.
- Tema 30. Os soportes documentais tradicionais. O pergameo: fabricación e características. O papel tradicional: elaboración e características. O papel industrial. As tintas: principais tintas manuscritas.
- Tema 31. Tipos e causas principais de alteración dos materiais documentais. Medidas de conservación preventiva dos documentos.
- Tema 32. Os fondos fotográficos nos arquivos: soportes, técnicas e procedementos fotográficos tradicionais. A conservación e instalación dos soportes fotográficos.
- Tema 33. Principios e requisitos funcionais para documentos electrónicos. Os metadatos: tipos de metadatos e o esquema de metadatos para a xestión de documentos electrónicos. Producción e xestión de documentos electrónicos (e-EMGDE).
- Tema 34. A dixitalización de documentos nos arquivos. A conservación preservación. O modelo OAIS. Compoñentes funcionais do arquivo dixital.
- Tema 35. As TIC como ámbito de acción arquivística. A interoperabilidade. O ENI: definición e obxectivos.
- Tema 36. O edificio, os depósitos e outras instalacións do arquivo. Áreas, circuitos de circulación e mobiliario. Medidas ambientais e de seguridade.
- Tema 37. As accións de dinamización cultural e educativa nos arquivos. A web social.
- Tema 38. O acceso aos documentos e aos arquivos. Dereito á protección de datos de carácter persoal e á protección da propiedade intelectual.

- Tema 39. Os portais de difusión da información arquivística
- Tema 40. A calidade nos arquivos. A certificación. Carta de servizos.
- Tema 41. A cooperación arquivística nacional e internacional.
- Tema 42. Lexislación española en materia de arquivos e patrimonio documental.
- Tema 43. Normativa galega en materia de arquivos. Recomendacións técnicas e lexislación de especial interese.
- Tema 44. O sistema español de arquivos. Os arquivos de titularidade estatal.
- Tema 45. O sistema galego de arquivos. Os arquivos da Xunta de Galicia. Os arquivos dos órganos estatutarios de Galicia.
- Tema 46. Os arquivos privados. Especial referencia a Galicia.
- Tema 47. Os arquivos eclesiásticos. Especial referencia a Galicia.
- Tema 48. Organismos internacionais en materia de arquivos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1362).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA, DA ÁREA DE CULTURA, NO AUDITORIO MUNICIPAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2018. EXPTE. 15742/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/12/17 e o informe de fiscalización do 12/12/17, dáse conta do informe-proposta do 4/12/17 asinado pola técnica medio de actividades culturais e educativas, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 4 de decembro de 2017 que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2018, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42.

Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A programación que se presenta no primeiro semestre do ano 2018 consta dun total de vinte e catro espectáculos, divididos en programación dirixida a público adulto (a realizar os venres) e programación dirixida a público familiar (a realizar os domingos).

A programación consta de 33 funcións. O importe total dos cachés será de 57.851,90 € (cachés desglosados na seguinte táboa); a este importe habería que engadirle os gastos de produción técnica da programación (aprox. 8.500,00 €), o coste do servizo de venda de entradas (aprox. 6.000 €), o gasto en dereitos de autor (aprox. 3.000 €) e o importe do material gráfico de difusión da programación (2.421,21 €). O custe total da programación serían uns **77.773,11 €** (redondeando en base aos costes de anos anteriores), dividido entre o número total máximo de espectadores posibles **6.825** (aforos desglosados na seguinte táboa), sería un prezo máximo por función de **11,39 €**, polo que, en base á citada ordenanza, o prezo máximo de cada entrada non podería superar este prezo.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécense tres prezos para os espectáculos dirixidos a público adulto, de 8, 9 e 10 €, en base a criterios artísticos e de marketing; e un prezo para os espectáculos dirixidos a público familiar, de 5 €, baseándonos nos mesmos criterios. Como vemos, ningún prezo de entrada superaría o prezo máximo que se podería aplicar para non superar o coste do programa, que sería de 11,39 €. O prezo de entrada máis alto sería de 10 €.

Así pois, e en base aos criterios fixados polo servizo de Cultura e Bibliotecas da Área de Cultura, propóñense os seguintes prezos de venda de entradas para cada espectáculo:

DATA	HORA	COMPAÑÍA	CACHÉ	AFORO	PREZO PRO-POSTO
02/02	21	KAMIKAZE TEATRO	5.445,00 €	285	10 €
03/02	21	KAMIKAZE TEATRO	5.445,00 €	285	10 €
04/02	18	PEREZ&FERNÁNDEZ	1.140,00 €	285	5 €
09/02	21	CONTRAPRODUCCIÓN	1.794,00 €	285	8 €
11/02	18	GHAZAFELHOS	900,00 €	285	5 €
17/02	21	DE VACAS	1.815,00 €	285	8 €
18/02	18	MALASOMBRA PRODUCCIÓN	1.590,00 €	285	5 €
23/02	21	VOADORA	5.000,00 €	285	8 €
24/02	21	VOADORA	5.000,00 €	285	8 €
25/02	18	ZUM ZUM TEATRE	1.815,00 €	285	5 €
02/03	21	IBUPROFENO TEATRO	2.299,00 €	285	8 €
03/03	21	IBUPROFENO TEATRO	2.299,00 €	285	8 €
04/03	18	TANXARINA	420,00 €	285	5 €
09/03	21	TEATRO DEL BARRIO	1.530,00 €	285	8 €
11/03	18	CARAMUXO TEATRO	1.020,00 €	285	5 €
16/03	21	TEATRO EN PUNTO+TEATRO AFORO+PRODUCCIÓN DISPERSAS	1.975,00 €	60	9 €
17/03	21	TEATRO EN PUNTO+TEATRO AFORO+PRODUCCIÓN DISPERSAS	1.975,00 €	60	9 €
18/03	18	BERROBAMBÁN	1.194,00 €	285	5 €
06/04	21	ELEFANTE ELEGANTE	2.359,80 €	285	8 €
08/04	18	ELEFANTE ELEGANTE	1.198,20 €	285	5 €
13/04	21	LUCAS LOCUS	2.500,00 €	285	8 €
15/04	18	ROLABOLA	3.200,00 €	285	5 €
20/04	21	DE STE XEITO PRODUCCIÓN	1.800,00 €	285	8 €
22/04	12 Y 18	VIU EL TEATRE	1.996,50 €	150	5 €

DATA	HORA	COMPAÑÍA	CACHÉ	AFORO	PREZO PROPOSTO
27/04	21	NOVA GALEGA DE DANZA	1.316,40 €	285	8 €
29/04	18	ENTREMÁNS	825,00 €	285	5 €
TOTAL			57.851,90 €	6.825	

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao coste total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 30% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, en Discos Elepé e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2018, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

DATA	HORA	COMPAÑÍA	PREZO PROPOSTO
02/02	21	KAMIKAZE TEATRO	10 €
03/02	21	KAMIKAZE TEATRO	10 €
04/02	18	PEREZ&FERNÁNDEZ	5 €
09/02	21	CONTRAPRODUCCIÓN	8 €
11/02	18	GHAZAFELHOS	5 €
17/02	21	DE VACAS	8 €
18/02	18	MALASOMBRA PRODUCCIÓN	5 €
23/02	21	VOADORA	8 €
24/02	21	VOADORA	8 €
25/02	18	ZUM ZUM TEATRE	5 €
02/03	21	IBUPROFENO TEATRO	8 €
03/03	21	IBUPROFENO TEATRO	8 €
04/03	18	TANXARINA	5 €

DATA	HORA	COMPAÑÍA	PREZO PROPOSTO
09/03	21	TEATRO DEL BARRIO	8 €
11/03	18	CARAMUXO TEATRO	5 €
16/03	21	TEATRO EN PUNTO+TEATRO AFORO+PRODU- CIÓNS DISPERSAS	9 €
17/03	21	TEATRO EN PUNTO+TEATRO AFORO+PRODU- CIÓNS DISPERSAS	9 €
18/03	18	BERROBAMBÁN	5 €
06/04	21	ELEFANTE ELEGANTE	8 €
08/04	18	ELEFANTE ELEGANTE	5 €
13/04	21	LUCAS LOCUS	8 €
15/04	18	ROLABOLA	5 €
20/04	21	DE STE XEITO PRODUCIÓNS	8 €
22/04	12 Y 18	VIU EL TEATRE	5 €
27/04	21	NOVA GALEGA DE DANZA	8 €
29/04	18	ENTREMÁNS	5 €
TOTAL			

Se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 30% de desconto.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, en Discos Elepé e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1363).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES REALIZADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE NOVEMBRO DE 2017. EXPTE. 2051/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/12/17, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e Museos Quiñones de León (337) no mes de NOVEMBRO, e que son os que deseguido se relacionan:

NOVEMBRO 2017

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2014/341. Subministración e instalación de luces de emerxencia en centros da rede museística. IRIS COMPUTERS, S.L. RCM 105798.	16/11/17	5.416,69 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2032/341. Reserva xenérica de crédito para subministracións diversas en dependencias do Servizo de Museos. RCM 108613.	21/11/17	1.000,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2026/341. Subministración de material gráfico e deseño de tres exposicións (dúas na Casa das Artes e unha na Casa Galega da Cultura) no mes de decembro. JULINDA MOLARES CARDOSO. RCM 105799.	16/11/17	3.750,27 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6180/337. Reserva xenérica de crédito para subministración de material diverso para o Museo. RCM 104210.	10/11/17	1.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6179/337. Reserva xenérica de crédito para contratación de traballos especializados. RCM 103501.	03/11/17	3.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6177/337. Contrato menor de servizos para restauración dos cadros "Piñeiros (Nº inv. 16) e "Retrato do Cebreiro" (Nº inv. 246) do pintor Abelenda Zapata para a súa inclusión en exposición da Pinacoteca "Francisco Fdez del Riego". ANGELES RIAL BARBARÁ. RCM 107028.	20/11/17	2.939,40 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6191/337. Contratación menor de elaboración dun informe do estado de conservación da colección "Comodato Colmeiro". BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 112632.	29/11/17	3.025,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(1364).- PROPOSTA DE ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS". EXPTE. 5084/440.

Dáse conta do informe-proposta do 05/12/17, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras incluídas no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, que se contén na parte expositiva do mesmo acordo, dando conta de ditas prescricións á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, aos efectos da súa observancia e estrito cumprimento; e con data de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- No punto III do acordo citado de 8 de marzo de 2013 establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia a redacción dos correspondente proxecto técnico das obras incluídas no devandito Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade dos mesmos.

IV.- Con data 29 de novembro de 2017 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe no que consideran de urxencia e execución inaprazable as obras de **“MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS”**.

IV.- En data 4 de decembro de 2017 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar expediente para encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de **“ME“MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS”**.

V.- O proxecto a redactar deberase atinguir ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **“MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS”**.

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castañón e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto de obras de **““MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS”**.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1365).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1316/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/12/17, dáse conta do informe-proposta do 05/12/17, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais, o concelleiro-delegado da Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de agosto de 2012, entre outros asuntos aprobou o expediente de CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO EDIFICIO CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1316/440, aprobándose o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 30 de xullo de 2.012, así como o prego de condicións administrativas particulares que rexerá a licitación redactado pola Técnica de Administración Xeral da Área de Contratación en data 30 de xullo de 2.012.

1.2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de maio de 2013, entre outros asuntos acordou a adxudicación do PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440, a mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por un prezo total de 6.700.078,70 €/catro anos (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 1.022.045,90 €/catro anos.

1.3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 28 de xuño de 2013, aprobou a CORRECCIÓN ERROS ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DAS SÚAS DEPENDENCIAS. EXPTE. 1316/440, de acordo co seguinte contido "*Corrixir o erro material do paragrafo 1º do punto 6 da orde do día da Xunta de Goberno Local celebrada o 24 de maio de 2013 " ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440., no sentido de fixar como prezo do contrato co IVE do 21% incluído o de 6.870.419,69 euros e a cota correspondente o IVE (21%) na cantidade de 1.192.386,89 €/ para os catro anos do contrato."*

1.4.- Con data 14 de xuño de 2013, o Concello de Vigo asina o contrato coa mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U, establecéndose como data de inicio para a prestación dos servizos de limpeza da casa do concello e demais dependencias municipais o 16 de xuño de 2013. O citado contrato ten unha duración de catro anos, e con data 4 de xullo se asina unha adenda ao contrato coa cal se corrixe o erro material do paragrafo 1º do punto 6 da orde do día da Xunta de Goberno Local celebrada o 24 de maio de 2013 "*ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440., no sentido de fixar como prezo do contrato co IVE do 21% incluído **o de 6.870.419,69 euros e a cota correspondente o IVE (21%) na cantidade de 1.192.386,89 €/ para os catro anos do contrato."***

II.- Sobre a revisión de prezos no contrato:

II.1. - Os prezos do contrato poderán ser obxecto de revisión de acordo o recollido na cláusula 29. "Revisión de prezos" do PCAP e no apartado 3.J das FEC, que establece:

O apartado 3.J. Das FEC establece:

Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20 % do seu importe, e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

II.2.- Con data 13 de febreiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou a revisión ordinaria do contrato dacordo co seguinte:

"1.- Aprobar a 1ª revisión ordinaria do contrato de "Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias" por un importe anual de 15.756,54 € /ano (sen IVE) o que supón 19.065,41 € / ano (con IVE).

2.- Aprobar o prezo total anual do contrato de "Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias" despois da 1ª revisión ordinaria por un importe total anual de 1.435.264,74 € /ano (sen IVE) que supón 1.736.670,34€ /ano (con IVE).

3.- Aprobar o importe dos atrasos derivados da 1ª revisión ordinaria do contrato por un importe de 8.534,76 € (sen IVE) o que supón 10.327,06 € (con IVE).

II.3.- A Xunta de Goberno Local de data 4 de decembro de 2015, acorda:

1º.- Aprobar a 2ª revisión ordinaria do contrato de "Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias", correspondente o 85 % da variación do IPC do período xaneiro 2013-xuño 2015 cun valor do 1,19, o cal correspondese cunha revisión o alza de 16.892,15 €/ano sen IVE sobre o prezo de adxudicación inicial, o cal lle corresponde polo IVE (21%) un importe de 3.547,35 €, o que fai un total IVE engadido de 20.439,50 €/ano, a favor da mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU (CIF A36621464), con cargo a aplicación orzamentaria 9200.227.00.00 Limpeza da casa Consistorial.

2º.- Aprobar o prezo total anual do contrato de "Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias" a favor da mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU (CIF A36621464), despois da 2ª revisión ordinaria por un importe de 1.436.400,35 €/ano sen IVE, que co importe de 301.644,07 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de 1.738.044,42 €. IVE incluído. Dito importe será con cargo a aplicación orzamentaria 9200.227.00.00 Limpeza da casa Consistorial e coa seguinte ditribución anual:

ano 2015: 941.440,73 €

ano 2016: 796.603,69 €

3º.- Aprobar o importe a facturar correspondente os atrasos derivados da facturación xa emitida pola mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU (CIF A36621464) dende o 16 de xuño de 2015 ata o 31 de outubro de 2015, e a súa correspondente actualización a 2ª revisión por un importe de 425,84 € (sen IVE) que co importe de 89,43 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de 515,27 €. IVE engadido.

III.- Acordo de cesión do contrato:

III.1.- A Xunta de Goberno Local de data 11 de abril de 2016, acorda entre outros:

“1º.- Autorizar a **cesión do contrato** do servizo de limpeza da casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo por procedemento aberto, adxudicado a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por resolución da Xunta de Goberno Local de 24 de maio de 2013, á favor da mercantil **MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.**

2º.- MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., deberá prestar garantía definitiva por importe de 283.901,64 euros, por calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP. Unha vez que se ache formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente, LINORSA, S.A.U.

3º.- A cesión quedará condicionada á formalización da mesma en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ó Concello.

4º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase dende a data do inicio da execución do mesmo”.

IV.- Prorroga do contrato:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de abril de 2017, acordou a PRÓRROGA DO CONTRATO DE “LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1316/440, de acordo co seguinte contido:

1.- Autorizar a prórroga do contrato para a “Limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo” (Expte. 1.316/440), polo período comprendido entre o 16 de xuño de 2017 e o 15 de xuño de 2018, en favor da empresa Mantelnor Limpiezas, S.L.U.

O importe económico da prórroga indicada, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será o seguinte:

Ano 2017 (período comprendido entre el 16 de xuño de 2017 e 31 de decembro de 2017: 941.440,76 Euros con cargo á partida 9200.227.00.00.

Ano 2018 (período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 15 de xuño de 2018: 796.603,66 Euros con cargo á partida 9200.227.00.00.

V.- Solicitud de revisión do contrato realizada por Mantelnor Limpiezas, S.L.U.

Con data 13 de xullo de 2017 a adxudicataria do contrato Mantelnor Limpiezas, S.L.U. solicita a revisión de prezos a partir de mes de xuño de 2017.

A vista da citada solicitude procede a realización da revisión do prezo do contrato de acordo cos antecedentes descritos en relación as anteriores revisións, e de acordo cos seguintes cálculos:

a.- Última revisión aprobada: Acordo da Xunta de Goberno local de 4 de decembro de 2015, acorda o novo prezo para a súa aplicación a partir do 16 de xuño de 2015, de acordo cos seguintes importes:

- 1.436.400,35 €/ano sen IVE, que co importe de 301.644,07 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de 1.738.044,42 €. IVE incluído.

b.- Revisión de prezos do período Xaneiro 2013 a xuño 2016)

- Prezo de aplicación para este período (a partir do 16 de xuño de 2016): O prezo do contrato despois da segunda revisión: 1.436.400,35 €/ano sen IVE.
- IPC (xaneiro 2013/ xuño 2016) : 0,6 %

- 85 % IPC: 0,51
- Importe da revisión do prezo: 0,51 % de 1.419.508,20 € = 7.239,49 € /ano sen IVE, o que fai un total sen IVE ano de 1,426,747,69 €/ano.
- Novo importe do prezo anual do contrato para o período do 16 de xuño de 2016 ata o 15 de xuño de 2017 = **1.426.747,69 €/ano sen IVE**, que co importe de 299,617,02 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de **1.726.364,71 € IVE incluído**.
- Importe mensual: **118.895,64 €/mes sen IVE**, que co importe de 24.968,09 €, correspondente o IVE (21%) fan un total de **143.863,73 €/mes. IVE incluído**.

No período comprendido entre 16 de xuño de 2016 e 15 de xuño de 2017 a empresa Mantelnor Limpiezas, S.L.U., facturou :

144.837,04 € x 12 meses = 1.738.044,48 Euros.

En realidade correspondíalle 143.863,73 € x 12 meses = 1.726.364,76 €, polo cal da revisión de prezos correspondente a esta anualidade existe unha diferenza a favor do Concello de **11.679,77 €**

c.- 4ª revisión de prezos (Xaneiro 2013 a xuño 2017).

- *Prezo de aplicación para este período (a partir do 16 de xuño de 2017): O prezo do contrato despois da segunda revisión: 1.436.400,35 €/ano sen IVE.*
- IPC (xaneiro 2013/ xuño 2017) : 2,1
- 85 % IPC: 1,79
- Importe da revisión do prezo: 1,79 % de 1.419.508,20 € = 25.338,22 € /ano sen IVE, o que fai un total sen IVE de 1,444,846,42 €/ano.

Novo importe do prezo anual do contrato para o período do 16 de xuño de 2017 ata o 15 de xuño de 2018 = **1.444.846,42 €/ano sen IVE**, que co importe de 303.417,75 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de **1.748.264,17 € IVE incluído**.

Importe mensual: **120.403,87 €/mes sen IVE**, que co importe de 25.284,81 €, correspondente o IVE (21%) fan un total de **145.688,68 €/mes. IVE incluído**.

Cálculos dos atrasos da revisión en función das facturas emitidas no período de xuño 2017 ata data actual:

Importes facturados pola mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U neste período:

Mes	Importe facturado s/IVE	Importe revisado	Diferenza s/IVE
Xuño – 2017 (50%)	59.850,01 €	60.201,93 €	351,92 €
Xullo – 2017	119.700,03 €	120.403,87 €	703,84 €
Agosto – 2017	119.700,03 €	120.403,87 €	703,84 €
Setembro - 2017	119.700,03 €	120.403,87 €	703,84 €
Outubro – 2017	119.700,03 €	120.403,87 €	703,84 €
			3.167,28 €

VI.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS RESULTANTES DA REVISIÓN DE PREZOS:

O T.R.L.C.S.P., establece no seu artigo 94, "pago do importe da revisión", que o importe das revisións que procedan faranse efectivo, de oficio, mediante o abono ou desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non puideran incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

O propio Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así o prevé na súa Cláusula 29. "*O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato*"

De acordo co establecido no artigo 94 do TRLCSP, o importe das revisións que procedan poderá facerse efectivo, de oficio, mediante abono ou desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non se puidesen incluír nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

VII.- PROPOSTA:

O órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos e a Xunta de Goberno Local (en adiante X.G.L.), de conformidade co previsto na disposición adicional segunda do T.R.L.C.S.P.

Previamente a remitir o expediente a Secretaría da X.G.L., para a súa inclusión no orde do día deberá emitir informe de fiscalización favorable a Intervención Xeral.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a revisión de prezos do contrato de Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias" a favor da mercantil "Mantelnor Limpiezas, S.L.U", como adxudicataria do contrato para a anualidade comprendida no período (16 de xuño de 2016 ata o 15 de xuño de 2017), a cal despois da aplicación do criterio de revisión, resulta un prezo anual de **1.426.747,69 €/ano sen IVE**, que co importe de 299,617,02 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de **1.726.364,71 € IVE incluído**, e de acordo coa facturación realizada neste período, resulta un importe a favor da administración pola cantidade de **11.679,77 € (I.V.E. incluído)**.

Segundo: Aprobar a revisión de prezos do contrato de Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias" a favor da mercantil "Mantelnor Limpiezas, S.L.U", como adxudicataria do contrato para a anualidade comprendida no período (16 de xuño de 2017 e o 15 de xuño de 2018), a cal despois da aplicación do criterio de revisión, resulta un prezo anual de **1.444.846,42 €/ano sen IVE**, que co importe de 303.417,75 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de **1.748.264,17 € IVE incluído**, e de acordo coa facturación xa realizada polo período 16 de xuño de 2017 ata o 31 de outubro de 2017, resulta un importe a favor da mercantil "Mantelnor Limpiezas, S.L.U" pola cantidade de adxudicataria administración pola cantidade de **3.167,28 € (IVE incluído)**.

Terceiro: Aprobar que por parte da mercantil "Mantelnor Limpiezas, S.L.U", proceda a realizar na primeira facturación posterior a notificación da aprobación deste acordo a compensación do diferencial entre as cantidades indicados no apartado segundo e terceiro deste acordo. Así mesmo deberá regularizar a súa facturación o impor-

te mensual correspondente o novo prezo anual de **1.748.264,17 € IVE** incluído, correspondendo a seguinte distribución nas anualidades 2017 e 2018:

- Ano 2017 (período comprendido entre o 16 de xuño de 2017 e 31 de decembro de 2017): 946.976,43 Euros con cargo á partida 9200.227.00.00.
- Ano 2018 (período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 15 de xuño de 2018): 801.287,74 Euros con cargo á partida 9200.227.00.00.

Cuarto: O presente acordo comunicárase ao servizo de Contratación, a Intervención Xeral e ao contratista, aos efectos oportunos, ofrecéndolle a este último os recursos previsto na vixente lexislación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1366).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIARIOS, S.A. (COVSA) CONTRA O ACORDO DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE "SUBMINISTRO DE MISTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS. EXPTE. 68814/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/12/17, asinado polo xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española.
- Real Decreto 1359/2011, de 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Pública.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 27 de setembro de 2013, a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar a favor da mercantil Construcción, Obras e Viarios, S.A. (COVSA), o contrato para a subministración de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras da Área de Fomento do Concello de Vigo. Este contrato adxudicouse en base o contido dos correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (nos que se inclúe como anexo as FEC – Follas de características do contrato) que son os que definen o obxecto do contrato e, concretamente, establecen os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes, entre outros, as condicións das prórrogas e a revisión de prezos (Apartados 4C e 3J das FEC, respectivamente).

SEGUNDO.- O 24 de outubro de 2013, formalízase o contrato para a subministración de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras da Área de

Fomento do Concello de Vigo, coa mercantil Construcións, Obras e Viarios, S.A. (COVSA), cuxa vixencia inicial foi estipulada en dous anos.

TERCEIRO.- O devandito contrato, previo trámite de audiencia do adxudicatario para mostrar a súa conformidade, foi prorrogado en dúas sucesivas anualidades polos períodos, do 24 de outubro de 2015 ao 23 de outubro de 2016 (o primeiro) e do 24 de outubro de 2016 ata o 23 de outubro de 2017 (o segundo), mediante senllos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 14 de outubro de 2015 e 16 de setembro de 2016. Estas prórrogas veñen estipuladas no apartado 4C das FEC que establecen: *“Si, o contrato poderase prorrogar en períodos anuais ata un máximo de dúas anualidades. A prórroga será obrigatoria para o contratista salvo que teña denunciado o contrato con 6 meses de antelación.”*

CUARTO.- Con data de 4 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira revisión de prezos do contrato de subministros de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas adxudicado a Construcións, Obras e Viarios, S.A. (COVSA), pola cantidade de -9.328,99 € (I.V.E. incluído), para a anualidade comprendida entre o 24 de outubro de 2014 e o 23 de outubro de 2015.

QUINTO.- Con data de 5 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno Local aprobou a segunda revisión de prezos do devandito contrato para as dúas anualidades sinaladas no punto terceiro, mediante a aplicación da fórmula de revisión de prezos nº152, establecida no apartado 3.J das Follas de Características do Contrato (F.E.C.) que serviu de base para a contratación. As cantidades resultantes desta revisión de prezos son de -56.375,23 € (I.V.E. incluído) para a anualidade comprendida entre o 24 de outubro de 2015 e o 23 de outubro de 2016; e, de -29.532,17 € (I.V.E. incluído) para a anualidade comprendida entre o 24 de outubro de 2016 e o 23 de outubro de 2017

SEXTO.- Con data de rexistro de entrada de 8 de novembro de 2017 interponse recurso potestativo de reposición polo representante legal de Construcións, Obras e Viarios, S.A. (COVSA) contra o acordo de revisión de prezos do contrato do apartado anterior.

A interesada no recurso manifesta a súa desconformidade co acordo de revisión de prezos, alegando que a nova regulación legal hoxe vixente (Lei 2/2015, de 30 de marzo) exclúe a revisión de prezos nun contrato de subministros como o sinalado mais arriba, así como que se está a aplicar no acordo recorrido unha fórmula legalmente contemplada para un contrato doutra natureza (Real Decreto 1359/2011, de 7 de outubro).

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto, en canto foi presentado en forma e dentro do prazo regulamentario e por persoa lexitimada, cumprindo cos requisitos esixidos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- A Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española modifica a redacción do artigo 89 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establecendo que *“...a revisión periódica e predeterminada de prezos só se poderá levar a cabo nos contratos de obra, nos contratos de subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas e en aqueloutros contratos nos que o período de recuperación da inversión sexa igual ou superior a cinco anos.”* Na Disposición Transitoria da mesma lei, establece que: *“O réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos*

dentro do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, cuxo expediente de contratación iniciárase antes da entrada en vigor do real decreto ao que se refire o artigo 4 desta Lei será o que estea establecido nos pregos.”

No recurso formulado, incídese no feito de que, cando se inicia a primeira prórroga, a Lei 2/2015 atopábase xa en vigor, sendo entón a norma a aplicar. Sen embargo, seguindo a letra da devandita Disposición Transitoria o réxime de revisión de prezos do contrato que nos ocupa, será o dos pregos sempre e cando o expediente de contratación se iniciase antes da entrada en vigor do real decreto de desenvolvemento da lei. Este real decreto, publicouse o 4 de febreiro de 2017, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación.

No presente caso, o expediente de contratación iniciouse no ano 2013, antes da data de entrada en vigor da Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, que modificou a redacción do artigo 89 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e, daquela, do devandito real decreto, polo que non cabe a aplicación da Lei 2/2015 ao presente contrato. Como se expuxo nos antecedentes de feito, a posibilidade das prórrogas, está establecida no apartado 4C das FEC, dentro do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que forma parte do expediente de contratación. Esta cláusula establece a obriga das prórrogas para o contratista salvo que denuncie o contrato con 6 meses de antelación, cousa que non levou a cabo. E, coma ten declarado a Xunta Consultiva de Contratación administrativa, o contrato prorrogado non é un novo contrato, senón o propio contrato primitivo que segue producindo os seus efectos durante o período de prórroga (informe 59/00, de 5 de marzo de 2001, no que cita o 30/00 de 21 de decembro de 2000).

TERCEIRO.- Como reiteradamente afirma a Sala Terceira do Tribunal Supremo, os pregos de condicións constitúen a lei do contrato (Sentencia de 17 de outubro de 2000, rec. casación 3171/1995 con cita de outras moitas). Así, na súa Sentencia de 29 de setembro de 2009 declara que *“constitúe doutrina reiterada que no noso ordenamento contractual administrativo o prego de condiciones é a lexislación do contrato para a contratista e para a administración contratante tendo, por ende, forza de lei entre as partes (...). Na lexislación aquí concernida, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o ámbito no que se definen os dereitos e obrigacións de ambos contratantes é o prego de cláusulas administrativas particulares que obrigatoriamente deberá aprobarse polo órgano de contratación competente, previa ou conxuntamente á autorización do gasto e sempre antes da perfección, e no seu caso, da licitación do contrato.”* (artigo 115 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

No relativo a alegación da incorrección da fórmula de revisión de prezos escollida polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cómpre contestar:

En primeiro termo, que o artigo 90 TRLCSP, sobre a revisión de prezos, establece que «1. Cuando resulte procedente, la revisión de precios se llevará a cabo mediante la aplicación de índices oficiales o de la fórmula aprobada por el Consejo de Ministros, previo informe de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, para cada tipo de contratos»; que «2. El órgano de contratación determinará el índice que deba aplicarse, atendiendo a la naturaleza de cada contrato y la estructura de los costes de las prestaciones del mismo. Las fórmulas aprobadas por el Consejo de Ministros excluirán la posibilidad de utilizar otros índices; si, debido a la configuración del contrato, pudiese ser aplicable más de una fórmula, el órgano de contratación determinará la más adecuada, de acuerdo con los criterios indica-

dos» e que «3. Cuando el índice de referencia que se adopte sea el Índice de Precios de Consumo elaborado por el Instituto Nacional de Estadística o cualquiera de los índices de los grupos, subgrupos, clases o subclases que en él se integran, la revisión no podrá superar el 85 por 100 de variación experimentada por el índice adoptado».

Que o órgano de contratación do Concello de Vigo escolleu a fórmula de revisión discutida, de entre as recollidas no RD 1359/2011, de 7 de outubro, por ser a máis adecuada ao contrato de subministro de que tratamos.

E, en fin, que coa súa oferta, no procedemento de adxudicación do contrato, a recorrente manifestou expresamente a súa conformidade incondicional co PCAP do contrato e, daquela, coa fórmula de revisión de prezos que establecía, sendo suscrito o contrato, que inclúe a fórmula impuganda, pola recorrente con coñecemento pleno dos seus termos e sen que mediase ningún tipo de recurso contra os pregos, nin en fase de licitación nin posteriormente. Asemade, debe sinalarse que a parte actora procedeu a liquidar con data 2 de xuño de 2017, a primeira revisión de prezos aprobada pola Xunta de Goberno Local con data 9 de decembro de 2015, sen levar a cabo ningún tipo de reclamación aceptando de maneira tácita, unha vez máis, a fórmula establecida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e, por ende, no contrato.

A pretensión de modificación da fórmula de revisión de prezos, posterior a publicación do contrato, que pretende a recorrente, conculca coa libre concorrência “cando non houbera circunstancias anormais e extraordinarias que alteren o equilibrio económico e excedan os límites razoables de aleatoriedade que comporta toda licitación” (Sentencia do Tribunal Supremo 3268/2016).

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Concelleiro delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación a adopción da seguinte resolución:

“**ÚNICO:** Desestimar o recurso de reposición interposto por Don Jesús Fontán Piñeiro, representante legal de Construcións, Obras e Viarios, S.A. (COVSA), contra o acordo do 5 de outubro de 2017 de aprobación da revisión de prezos da anualidade 24 de outubro de 2015 ao 23 de outubro de 2016 e de aprobación da revisión de prezos da anualidade 24 de outubro de 2016 ata o 23 de outubro de 2017, e en consecuencia manter a obriga de pago establecida no acordo de revisión de prezos”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1367).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez